

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 17 de xullo de 2024, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

### **Procedementos de información**

### **Respostas a preguntas**

#### **Toma de coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación**

- 6831 - 685 (12/PRE-000020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia para garantir o persoal facultativo do PAC da Fonsagrada e a situación actual da asistencia sanitaria neste concello e no de Nogueira de Muñiz

- 6810 - 734 (12/PRE-000021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 3 máis

Sobre o proxecto do parque eólico Avoceta Wind, que se localizará en varios concellos de Ourense, os seus posibles prexuízos para a veciñanza e a política que vai desenvolver o Goberno galego nesta materia na presente lexislatura

- 6897 - 747 (12/PRE-000023)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre a situación da Administración de xustiza en Galicia, a reclamación da ampliación da planta xudicial e outras medidas de mellora, así como respecto das competencias da Xunta de Galicia neste ámbito e das medidas que esta desenvolveu nos últimos dez anos

- 6896 - 781 (12/PRE-000027)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego nos últimos dez anos co fin de reclamarlle ao Goberno central a creación de unidades xudiciais especializadas en violencia

Sr. deputado/Sra. deputada

Sr. portavoz do G. P. Popular de Galicia


Sra. portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Sr. portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia

Sres. presidentes e Sras. presidentas das comisións

Sra. directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*



de xénero, especialmente no que se refire aos partidos xudiciais de Ourense, Lugo, Pontevedra, Ferrol ou Santiago

- 6830 - 836 (12/PRE-000036)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre as reclamacións das entidades do sector editorial en relación coa orde de axudas á tradución para 2024

- 6850 - 984 (12/PRE-000048)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a situación dos servizos ferroviarios de Lugo e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego en canto á súa mellora

- 6679 - 1000 (12/PRE-000049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e Fernández González, Ariadna

Sobre a existencia de datos sobre as orixes do gando con risco de presenza de enfermidades como a tuberculose ou a brucelose e a información trasladada aos gandeiros neste aspecto

- 6853 - 1331 (12/PRE-000103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre as medidas tomadas pola Xunta de Galicia dirixidas ao cumprimento do Decreto 42/2023, do 27 de abril, polo que se declara ben de interese cultural a Casa Cornide

- 6854 - 1341 (12/PRE-000105)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre o estado de deterioración en que está o conxunto patrimonial que forma a ermida de Santa Margarida do Val, en Narón, e as previsións da Xunta de Galicia ante a posibilidade da súa restauración e posta en valor

- 6833 - 1414 (12/PRE-000117)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á recuperación, protección e

Sr. deputado/Sra. deputada

Sr. portavoz do G. P. Popular de Galicia


Sra. portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Sr. portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia

Sres. presidentes e Sras. presidentas das comisións

Sra. directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*



inscrición como ben de interese cultural de Galicia da Casa Taboada, de Ourense, obra modernista do arquitecto Vázquez Gullás

- 6849 - 1428 (12/PRE-000120)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación co estado en que se atopan as instalacións do estadio do Couto, en Ourense, despois da súa reforma

- 6811 - 1442 (12/PRE-000122)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a posibilidade de asumir a extensión da gratuidade dos libros de texto e do material curricular a todo o alumnado das etapas do ensino obrigatorio público

- 6895 - 1503 (12/PRE-000133)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre a situación actual dos cadros de persoal nas unidades xudiciais de Galicia, as medidas de reforzo adoptadas e as prazas solicitadas nos últimos cinco anos ao Goberno central por parte da Xunta de Galicia

- 6680 - 1548 (12/PRE-000142)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre os datos relativos á presenza da lingua galega no ámbito da xustiza, as iniciativas que desenvolveu o Goberno galego para impulsala e as que prevé engadir nesta lexislatura

- 6832 - 1787 (12/PRE-000167)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a valoración do estado en que están as instalacións do estadio do Couto, en Ourense, logo da súa remodelación, a calidade dos traballos realizados e as previsións de actuacións de mellora por parte da Xunta de Galicia

- 6813 - 1816 (12/PRE-000171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a eventual adaptación da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 á Lei

Sr. deputado/Sra. deputada

Sr. portavoz do G. P. Popular de Galicia


Sra. portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Sr. portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia

Sres. presidentes e Sras. presidentas das comisións

Sra. directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*



europea do clima, a participación social e institucional na elaboración, aprobación e execución desta estratexia e a creación dun organismo independente de avaliación

- 6765 - 1920 (12/PRE-000184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a valoración da conveniencia da posta en marcha dun servizo de transporte público nocturno para a xente nova

- 6884 - 2006 (12/PRE-000197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre a situación en que se atopa o núcleo histórico de Betanzos e as medidas que a Xunta de Galicia pensa impulsar para a súa rehabilitación e recuperación

- 6894 - 2030 (12/PRE-000201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as previsións que ten o Goberno galego canto á adaptación da Lei do deporte de Galicia aos avances da lexislación estatal en materia de igualdade

- 6848 - 2482 (12/PRE-000267)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a supresión das liñas de tren nocturno entre Monforte de Lemos e Barcelona e a súa eventual reclamación ao Goberno central para que se restableza ese servizo

- 6812 - 2511 (12/PRE-000271)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que concirne á reclamación de competencias en materia de mar e costas, así como no referido á transferencia das funcións e dos servizos en materia de ordenación do litoral

- 6726 - 2612 (12/PRE-000285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a crise do sector marisqueiro na ría de Pontevedra e os estudos, as axudas previstas

Sr. deputado/Sra. deputada

Sr. portavoz do G. P. Popular de Galicia


Sra. portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Sr. portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia

Sres. presidentes e Sras. presidentas das comisións

Sra. directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*



pola Xunta de Galicia e outras medidas para facer fronte á situación

- 6763 - 2634 (12/PRE-000287)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as accións de mellora en xeral e de adaptación de horarios no transporte por estrada nas vilas rurais para garantir o acceso do alumnado de etapas postobrigatorias aos seus centros de referencia e universidades

- 6681 - 2876 (12/PRE-000309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as iniciativas que pensa desenvolver o Goberno galego relativas á protección, conservación e divulgación do patrimonio etnográfico-gandeiro da serra do Suído, que conta xa con recoñecementos da Unesco e do Instituto do Patrimonio Cultural de España

- 6893 - 3026 (12/PRE-000329)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o traballo que ten previsto levar adiante o Goberno galego no que atinxe á promoción do deporte federado feminino

- 6814 - 3163 (12/PRE-000341)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre as razóns de que a iniciativa do Bono Activa Comercio non se estendese ao comercio ambulante e as consideracións da Xunta de Galicia respecto da función dinamizadora deste sector nos pequenos concellos

- 6725 - 3178 (12/PRE-000342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre a situación do pequeno e mediano comercio galego, a eficacia das medidas tomadas polo Goberno galego para garantir a súa supervivencia e a eventual posta en marcha dun plan integral para a promoción deste sector

- 6815 - 3311 (12/PRE-000354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sr. deputado/Sra. deputada

Sr. portavoz do G. P. Popular de Galicia


Sra. portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Sr. portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia

Sres. presidentes e Sras. presidentas das comisións

Sra. directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*



Sobre as previsións respecto da tramitación dos proxectos eólicos Anduriña e Zudreiro, promovidos por Green Capital na área de desenvolvemento eólico do monte Acibal, e das accións de protección ambiental e cultural dese territorio repartido entre varios concellos da contorna de Pontevedra

- 6685 - 3367 (12/PRE-000364)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a situación actual das listaxes de agarda nas escolas infantís da rede pública, a súa incidencia na conciliación da vida familiar, especialmente no caso das familias monoparentais, e as condicións do traballo dos seus profesionais

- 6762 - 3386 (12/PRE-000367)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o impulso por parte do Goberno galego dun proxecto de ampliación do porto de Malpica neste ano 2024

- 6686 - 3459 (12/PRE-000377)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre as razóns do cambio de nome do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside e a ausencia de Cerámicas do Castro na resolución da declaración do conxunto como ben de interese cultural (BIC)

- 6847 - 3556 (12/PRE-000387)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 3 máis

Sobre o grao de execución actual e os prazos previstos na realización do proxecto da vía de alta capacidade (VAC) Costa Norte, que unirá Ferrol con San Cibrao

- 6846 - 3560 (12/PRE-000388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre o traballo levado a cabo polo Goberno galego ante os gobernos de España e Portugal en relación coa mellora e modernización da liña ferroviaria entre Vigo e O Porto e co impulso desta opción de conexión entrambos países por alta velocidade

- 6816 - 3792 (12/PRE-000409)

Sr. deputado/Sra. deputada

Sr. portavoz do G. P. Popular de Galicia


Sra. portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Sr. portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia

Sres. presidentes e Sras. presidentas das comisións

Sra. directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no referido á elaboración dun proxecto de reformas, cunha fase previa de participación cidadá, na estrada PO-403 ao seu paso pola parroquia de Moreira, en Pontearreas

- 6817 - 3880 (12/PRE-000416)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a situación do tramo da estrada PO-313 no concello de Moaña no relativo á seguridade viaria, así como sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a seguridade e a mobilidade de peóns e vehículos tanto neste caso como, en xeral, nas estradas integradas nos espazos urbanos

- 6823 - 3917 (12/PRE-000421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación cos prazos, cos orzamentos e coa participación da comunidade local na anunciada construción dunha senda peonil na PO-352 entre Camposancos e A Guarda

- 6687 - 3935 (12/PRE-000424)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre o traslado dos murais de Urbano Lugrís da rúa Olmos da Coruña logo da súa declaración como ben de interese cultural, as razóns de non optar a Xunta de Galicia por restauralos e mantelos no seu lugar de creación e os informes que avalan esta decisión

- 6822 - 3971 (12/PRE-000430)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a seguridade viaria e a capacidade actual da estrada AC-418 entre Buño e Carballo, as valoracións que fai a Xunta de Galicia verbo da importancia desta vía para o desenvolvemento económico da comarca e os seus plans de mellora

- 6855 - 4179 (12/PRE-000444)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a vixésimo novena edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario de

Sr. deputado/Sra. deputada

Sr. portavoz do G. P. Popular de Galicia


Sra. portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Sr. portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia

Sres. presidentes e Sras. presidentas das comisións

Sra. directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*



Ourense, a actitude do Concello de Ourense respecto deste evento, o nivel de apoio da Xunta de Galicia e as razóns de que non enviase representación institucional á clausura desta edición

- 6828 - 4236 (12/PRE-000451)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os problemas nas redes de abastecemento e saneamento da rúa Marcelo Macías, de Ourense, e a súa relación coas obras de reforma executadas pola Xunta de Galicia ao abeiro dun protocolo de colaboración co Concello

- 6820 - 4294 (12/PRE-000457)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións de control que o Goberno galego leva a cabo respecto da regulación dos encoros para non afectar a reprodución da fauna fluvial, así como sobre os estudos e plans que eventualmente pensa impulsar co obxecto de recuperar e protexer a lamprea nos ríos Miño e Tea

- 6688 - 4309 (12/PRE-000459)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a situación xerada na cidade de Ourense polo traslado do centro de información á muller a un edificio compartido con outros usos e as actuacións que pensa levar adiante o Goberno galego para garantir unha atención adecuada ás súas usuarias

- 6690 - 4438 (12/PRE-000471)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego verbo do cumprimento das resolucións que demandan a declaración da casa natal de Carbalho Calero, en Ferrol, como zona de especial necesidade de rehabilitación (ZER)

- 6691 - 4987 (12/PRE-000521)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a situación xerada na residencia asistida de maiores de Oleiros co ingreso de novos perfís de residentes e as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo da súa inspección e da implantación de medidas no aspecto material e na dotación e formación do cadro de persoal

Sr. deputado/Sra. deputada

Sr. portavoz do G. P. Popular de Galicia

Sra. portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego


Sr. portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia

Sres. presidentes e Sras. presidentas das comisións

Sra. directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*





- 6692 - 4996 (12/PRE-000522)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre as datas en que se realizan as convocatorias de axudas aos concellos para a contratación de socorristas, a posibilidade da existencia de dificultades dalgúns concellos para cubrir este servizo e a relación entre profesionais inscritos e a demanda producida nos anos 2022 e 2023

- 6834 - 5022 (12/PRE-000527)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 máis

Sobre a situación dos tramos da estrada PO-552 que cruzan Oia e Saiáns, no concello de Vigo, canto á súa seguridade viaria e as actuacións que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia nestes dous quilómetros do traxecto entre Vigo e Baiona que quedaron pendentes de actuacións de mellora

- 6693 - 5122 (12/PRE-000538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as condicións laborais e económicas das letradas e dos letrados da quenda de oficio, o contacto do Goberno galego coas organizacións representativas de estes colectivos para atopar solucións ao conflito actual e a aprobación dun novo baremo

- 6829 - 5156 (12/PRE-000541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre o grao de execución do Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica 2009-2015 (Plan MOVE), as previsións sobre as actuacións pendentes e o desenvolvemento de novas planificacións nesta materia

- 6883 - 5231 (12/PRE-000547)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a eventual creación dunha mesa técnica entre as administracións implicadas co fin de avanzar no proxecto de finalización da rolda leste de Lugo (LU-021)

- 6819 - 5263 (12/PRE-000548)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a postura que vén mantendo a Xunta de Galicia desde a época do Goberno bipartito

Sr. deputado/Sra. deputada

Sr. portavoz do G. P. Popular de Galicia


Sra. portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Sr. portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia

Sres. presidentes e Sras. presidentas das comisións

Sra. directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*



respecto da creación dun centro de día público en Lalín

- 6882 - 5335 (12/PRE-000557)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre o estado en que está a xestión do proxecto anunciado pola Xunta de Galicia para a remodelación da estrada OU-533 (A Gudiña-A Rúa) e as perspectivas de mellora desta vía ante a densidade de tráfico que soporta

- 6880 - 5360 (12/PRE-000562)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o ritmo das actuacións que se levan a cabo nas estradas autonómicas da comarca do Salnés, o remate das obras da ponte de Santa Marta de Ponte Arnelas e os danos sufridos neste tempo na vella ponte dos Padriños ao acoller o tráfico pesado desviado

- 6694 - 5384 (12/PRE-000564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as accións, ora de carácter temporal, ora definitivas, que a Xunta de Galicia prevé pór en marcha ante o problema xerado pola acumulación de area da praia da Cruz encol da estrada AC-440 á entrada de Muxía

- 6818 - 5395 (12/PRE-000567)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 3 máis

Sobre a situación laboral do persoal dos centros de reforma xuvenil e protección de menores, as posibles restricións nesta materia derivadas dos pregos de contratación pública das entidades que prestan estes servizos e a posibilidade de conseguir un convenio colectivo de ámbito galego

- 6856 - 5489 (12/PRE-000577)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre as condicións da convocatoria de axudas destinadas aos concellos para a prestación do servizo de vixilancia e socorrismo en espazos acuáticos e as razóns do prazo en que se efectúa, así como sobre a problemática dos concellos nesta materia

Sr. deputado/Sra. deputada

Sr. portavoz do G. P. Popular de Galicia



Sra. portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Sr. portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia

Sres. presidentes e Sras. presidentas das comisións

Sra. directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*



O que lle comunico para o seu coñecemento.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2024

**María Elena  
Candia López  
Vicepresident  
a 1<sup>a</sup>**

Firmado digitalmente por  
María Elena Candia López,  
Vicepresidenta 1.<sup>a</sup>  
Nombre de reconocimiento  
(DN): cn=María Elena Candia  
López, Vicepresidenta 1.<sup>a</sup>,  
email=elena.candia.lopez@p  
arlamentodegalicia.es  
Fecha: 2024.07.19 10:31:13  
+02'00'

**María Elena Candia López  
Vicepresidenta 1.<sup>a</sup>**

Sr. deputado/Sra. deputada  
Sr. portavoz do G. P. Popular de Galicia  
Sra. portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego  
Sr. portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia  
Sres. presidentes e Sras. presidentas das comisións  
Sra. directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*